



**BORRADOR DA  
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
8 DE MARZO DE 2017**

**ASISTENTES:****Presidenta:**D<sup>a</sup> María Ramallo Vázquez**Concelleiros/as presentes:**

D. Manuel Santos Costa

D. Francisco J. Estévez Salazar

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Cristina Acuña GonzálezD<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Antonia Sanmartín García

D. Antonio Traba Miñones

D. Pablo Novas Caballero

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José de Pazo Allariz**Secretaria:**D<sup>a</sup>. Paula Costas Romero.

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo ás 14:00 horas do día **8 de marzo de 2017**, baixo a presidencia da Alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnen-se os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

**1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 2 de marzo de 2017.**

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

**2.- Subvencións.**

**Expte.: 671/16 (A) – DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. Dación de contas da concesión de subvención destinada á contratación de persoal para o “Servizo de apoio a obras públicas e conserxería”, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017.**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2017, de concesión de subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, entre outros ao Concello de Marín, destinada á contratación de persoal para o “Servizo de apoio a obras públicas e conserxería”, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, polo importe e coas características descritas no ANEXO VI:

ANEXO VI - Relación plan concellos 2017 (Liña 3): Plan de conservación e funcionamento de Bens e Servizos Municipais.

Concello	Nº Traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe concedido
Marín	24	21 peóns e 3 conserxe en xornada de 35 h/ semanais durante 6 meses	152.483,02 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda **ACEPTAR A SUBVENCIÓN** concedida e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.



**Expte.: 112/17 – CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. Dación de contas da Orde do 8 de febreiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2017.**

Dáse conta da Orde do 8 de febreiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2017.(DOG Núm. 44 do 3 de marzo de 2017).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

**3.- Rogos e preguntas.** Non se formularon.

Sendo as 14:10 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa-Presidenta, procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero